

D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo
Concello de Vigo
Praza do Rei, 1
36202 - Vigo

Vigo, 31 de outubro de 2020

Asunto: Reinventar o espazo público e a mobilidade en Vigo

Benquerido D. Abel Caballero,

En primeiro lugar gustaríanos enviarlle un saúdo e desexarlle que tanto vostede como a súa contorna achegada se atopen ben de saúde. Asemade, dende Greenpeace queremos aproveitar a celebración do Día Mundial das Cidades para amosar a nosa preocupación con respecto ao modelo de cidade que o seu Concello está a impulsar nos últimos anos, así como algúns aspectos nos que cremos podería mellorar en materia de mobilidade e espazo público. Malia que valoramos positivamente algunhas medidas impulsadas nos últimos tempos, como as humanizacións con beirarrúas máis anchas, a inauguración dun primeiro carril bici ou a súa rápida reacción para peonalizar temporalmente numerosas rúas fronte á pandemia, cremos que hai que dar pasos máis rápidos e decididos.

O mundo é cada vez máis urbano, o que constitúe un reto ambiental sen precedentes. Transformar as cidades e mudalas en espazos máis seguros e sostíbeis é un dos grandes retos da humanidade este século e Vigo debe ser o espello doutras cidades, o exemplo de como articular e cohesionar un territorio e as súas xentes facendo da sustentabilidade o seu eixo de progreso. Necesitamos redeseñar e repensar as nosas cidades para orientalas para as persoas que viven nelas. As cidades poden e deben constituír espazos máis resilientes e sustentábeis para axudar tamén a frear o cambio climático e a perda de biodiversidade. Para isto é necesario impulsar políticas públicas que teñan como obxectivo reinventar os espazos públicos, o consumo e a alimentación, a enerxía, a mobilidade, etc.

Os alcaldes e alcaldesas das cidades son directamente responsábeis diante da súa cidadanía polas súas decisións e son máis áxiles que os funcionarios de gobernos nacionais para tomar medidas decisivas, a miúdo con resultados inmediatos e impactantes. No contexto de emerxencia climática e sanitaria no que nos atopamos, consideramos crucial que Vigo se converta definitivamente nun exemplo para seguir en materia de progreso, equidade e sustentabilidade.

Adxunto envímosche unha proposta de mellora con medidas relativas aos espazos públicos e a mobilidade para a cidade de Vigo.

Demandas de espazo público para a cidade de Vigo

- É necesario impulsar un modelo de cidade con **espazos públicos máis naturalizados**. As humanizacións non deben basearse só en arranxar rúas con máis e máis cemento e menos verde. **A cidade, especialmente no centro, debe crear espazos públicos verdes de calidade que axuden á socialización, á arte e a cultura, ao espaxemento e non áreas hostís á presenza de persoas**. É esencial que recuperemos eses espazos con vexetación e chans naturais para aumentar a súa resiliencia diante das ameazas do cambio climático, como poden ser o aumento de temperatura e as inundacións.
- Vigo foi a cidade que máis rúas peonalizou tras o confinamento e moitas deberían consolidarse, pois o espazo público é un ben prezado que non pode reservarse para domingos e festivos. Máis aló das múltiples humanizacións, que en moitos casos supoñen melloras no ancho das beirarrúas ou na redución de prazas de aparcamento, **a cidade non está a gañar espazos peonís destinados exclusivamente ás persoas. É urxente conseguir estes espazos tamén no día a día**, protexendo ás persoas dos efectos do tráfico (ruído, contaminación, atropelos...) especialmente en lugares sensíbeis como escolas, hospitais e centros de saúde e onde haxa espazos estanciais seguros.
- A vella e famosa intención de “Abrir Vigo ao Mar” resultou, paradoxalmente, no contrario, con proxectos aberrantes como o centro comercial da Laxe e preocupacións futuras como o Barrio do Cura. Débese facer moito máis esforzo para traballar con outras administracións en beneficio da cidadanía. **Vigo pode gañar moito espazo público ao porto, especialmente no centro da cidade, que redunde en calidade de vida para as persoas**. O máis fermoso da urbe, a súa ría, segue de costas á cidade.
- O proxecto **“Vigo vertical”** é loábel e facilita sen dúbida a mobilidade en certas partes da cidade, **pero non pode ir en detrimento de espazos públicos máis resilientes e amábeis como está a acontecer na Gran Vía**. Ademais, débese integrar con outras formas de mobilidade sostíbeis, como a bicicleta.
- Proxectos como o do Barrio do Cura, impulsado ademais por un escuro proceso especulativo, no centro da cidade son especialmente preocupantes, pois anuncian centos de pisos de luxo, milleiros de prazas de aparcamento máis no centro e mesmo unha zona comercial a escasos metros doutra xa existente. Máis desigualdade, máis consumismo, máis

tráfico, máis emisións contaminantes. **Cómpre redirixir o proxecto do Barrio do Cura para favorecer a sustentabilidade da cidade e evitar que outra parte da cidade se peche á ría.**

- Xa son demasiados anos vendo como un ben patrimonial como a panificadora esmorece de xeito irreversible, a pesares dos reiterados anuncios dunha actuación que nunca chega. **Recuperar este espazo tan céntrico da panificadora para a cidadanía, con zonas verdes e dotacións culturais e veciñais no canto de promocións inmobiliarias sería fundamental.**
- A **recuperación de ecosistemas naturais** na contorna da cidade é, como son o sistema dunar perdido de Samil ou a degradada Xunqueira do Lagares, é unha materia pendente e urxente.

Demandas de mobilidade para a cidade de Vigo

- Urxe a creación dun **Plan Director Ciclista** que fixe as medidas para seguir a consolidar a bicicleta como forma de transporte preferente, apostando pola intermodalidade co transporte público e a integración con proxectos como Vigo Vertical. Necesítanse máis vías ciclistas de uso exclusivo nas principais arterias e máis carrís bici. De igual xeito, a bicicleta débese ter en conta nas futuras humanizacións, pois até o dagora non se fixo.
- Campañas de **promoción da bicicleta e educación viaria** que prioricen os modos non motorizados, así como medidas de pacificación do tráfico. Estamos a ver como o primeiro carril bici que se crea na cidade non é respectado como debera.
- **Transporte público de alta capacidade.** Vigo é a única gran cidade (xunto con Valladolid e Córdoba) sen un sistema de transporte público masivo: nin metro, tranvía, proximidades ou BRT. Cómpre potenciar a rede de autobús para que sexa competitiva fronte ao coche.
- **Enfoque metropolitano do sistema de transporte.** Como polo atractor de viaxes Vigo non pode seguir dando as costas ás poboacións da súa contorna. É necesario un enfoque global para os desprazamentos periurbanos, con medidas que disuadan ao tráfico no centro.
- **Mellora do transporte urbano** (número de frecuencias e liñas) que se comunica coas parroquias viguesas. A xente que reside nelas emprega maioritariamente o automóbil para desprazarse porque o *Vitrassa* non é unha opción de calidade.
- **Apostar por un modelo de cidade de 15 minutos.** Urxe dotar aos barrios de servizos públicos esenciais: centros de saúde, centros sociais, centros de

día, escolas públicas, establecementos locais (comercio, mercado), zonas verdes, espazos culturais... Cidades como París están a reformular xa o seu modelo de mobilidade e urbanístico, con exemplos como as *supermazás*, para conseguir que tódolos servizos básicos estean a menos de 15 minutos de casa movéndose a pé ou en bicicleta e outros transportes non motorizados. Un exemplo podería ser o Casco Vello, no que ademais se debe evitar o proceso de xentificación que comezou.

- **Reconsideración do proxecto do túnel da Porta do Sol buscando outras alternativas.** Aceptando e celebrando a decisión de peonalizar o centro urbano, o soterramento do tráfico pretende incentivar o uso do coche e responde a un modelo de cidade desfasado, que pon en perigo ademais bens patrimoniais e provoca o illamento de rúas contiguas. Non é un cambio sostíbel real do uso da rúa. A cidade debería tender a contar con zonas de baixas emisións como fan outras cidades europeas.
- Vigo debe **considerar prioritaria e estratéxica a tan demandada saída Sur por ferrocarril** e, con ela, o impulso de servizos de proximidade –tamén cara ao norte– dos que carece, antes que unha variante de Cercedo, que se pode resolver con máis e mellores servizos ferroviarios, que é no que debería centrarse a cidade. Co primeiro gañaríase moitísimo en mobilidade sostíbel, co segundo só un tempo pouco significativo cara á Meseta.

D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo
Concello de Vigo
Praza do Rei, 1
36202 - Vigo

Vigo, 31 de octubre de 2020

Asunto: Reinventar el espacio público y la movilidad en Vigo

Estimado D. Abel Caballero,

En primer lugar nos gustaría enviarle un saludo y desearle que tanto usted como su entorno cercano se encuentre bien de salud. Además, desde Greenpeace queremos aprovechar la celebración del Día Mundial de las Ciudades para mostrar nuestra preocupación con respecto al modelo de ciudad que su Ayuntamiento está impulsando en los últimos años, así como algunos aspectos en los que creemos podría mejorar en materia de movilidad y espacio público. Aunque valoramos positivamente algunas medidas impulsadas en los últimos tiempos, como las humanizaciones con aceras más anchas, la inauguración de un primer carril bici o su rápida reacción para peatonalizar temporalmente numerosas calles frente a la pandemia, creemos que hay que dar pasos más rápidos y decididos.

El mundo es cada vez más urbano, lo que constituye un reto ambiental sin precedentes. Transformar las ciudades y convertirlas en espacios más seguros y sostenibles, es uno de los grandes retos de la humanidad este siglo y Vigo debe ser el espejo de otras ciudades, el ejemplo de cómo articular y cohesionar un territorio y sus gentes haciendo de la sostenibilidad su eje de progreso. Necesitamos rediseñar y repensar nuestras ciudades para orientarlas para las personas que viven en ellas. Las ciudades pueden y deben constituir espacios más resilientes y sostenibles para ayudar también a frenar el cambio climático y la pérdida de biodiversidad. Para esto es necesario impulsar políticas públicas que tengan como objetivo reinventar los espacios públicos, el consumo y la alimentación, la energía, la movilidad, etc.

Los alcaldes y alcaldesas de las ciudades son directamente responsables ante su ciudadanía por sus decisiones y son más ágiles que los funcionarios de gobiernos nacionales para tomar medidas decisivas, a menudo con resultados inmediatos e impactantes. En el contexto de emergencia climática y sanitaria en el que nos encontramos, consideramos crucial que Vigo se convierta definitivamente en un ejemplo a seguir en materia de progreso, equidad y sostenibilidad.

Adjunto le remitimos una propuesta de mejora con medidas relativas a los espacios públicos y la movilidad para la ciudad de Vigo.

Demandas de espacio público para la ciudad de Vigo

- Es necesario impulsar un modelo de ciudad que cree **espacios públicos más naturalizados**. Las humanizaciones no deben basarse sólo en arreglar calles con más y más cemento y menos verde. **La ciudad, especialmente en el centro, debe crear espacios públicos verdes de calidad que ayuden a la socialización, al arte y la cultura, al disfrute y no áreas hostiles a la presencia de personas**. Es esencial que recuperemos esos espacios con vegetación y suelos naturales para aumentar su resiliencia ante las amenazas del cambio climático, como pueden ser el aumento de temperatura y las inundaciones.
- Vigo ha sido la ciudad que más calles ha peatonalizado tras el confinamiento y muchas deberían consolidarse, pues el espacio público es un bien preciado que no puede reservarse para domingos y festivos. Más allá de las múltiples humanizaciones, que en muchos casos suponen mejoras en el ancho de las aceras o en la reducción de plazas de aparcamiento, **la ciudad no está ganando espacios peatonales destinados exclusivamente a las personas. Es urgente conseguir estos espacios también en el día a día**, protegiendo a las personas de los efectos del tráfico (ruido, contaminación, atropellos...) especialmente en lugares sensibles como escuelas, hospitales y centros de salud y donde haya espacios estanciales seguros.
- La vieja y famosa intención de “Abrir Vigo al Mar” ha resultado, paradójicamente, en lo contrario, con proyectos aberrantes como el centro comercial de A Laxe y preocupaciones futuras como el Barrio do Cura. Se debe hacer mucho más esfuerzo para trabajar con otras administraciones en beneficio de la ciudadanía. **Vigo puede ganar mucho espacio público al puerto, especialmente en el centro de la ciudad, que redunde en calidad de vida para las personas**. Lo más hermoso de la urbe, su ría, sigue de espaldas a la ciudad.
- El proyecto “**Vigo vertical**” es loable y facilita la movilidad en ciertas partes de la ciudad, **pero no puede ir en detrimento de espacios públicos más resilientes y amables como ocurre en la Gran Vía**. Además, se debe integrar con otras formas de movilidad sostenibles, como la bicicleta.
- Proyectos como el del Barrio do Cura, impulsado además por un oscuro proceso especulativo, en el centro de la ciudad son especialmente preocupantes, pues anuncian cientos de pisos de lujo, miles de plazas de

aparcamiento más en el centro e incluso una zona comercial a escasos metros de otra ya existente. Más desigualdad, más consumismo, más tráfico, más emisiones contaminantes. **Es necesario redirigir el proyecto del Barrio do Cura para favorecer la sostenibilidad de la ciudad y evitar que otra parte de la ciudad se cierre a la ría.**

- Ya son demasiados años viendo como un bien patrimonial como la panificadora se deteriora de forma irreversible, a pesar de los reiterados anuncios de una actuación que nunca llega. **Recuperar este espacio tan céntrico de la panificadora para la ciudadanía, con zonas verdes y dotaciones culturales y vecinales sería fundamental.**
- La **recuperación de ecosistemas naturales** en el entorno de la ciudad es, como son el sistema dunar perdido de Samil o la degradada Xunqueira do Lagares, es una asignatura pendiente y urgente.

Demandas de movilidad para la ciudad de Vigo

- Urge la creación de un **Plan Director Ciclista** que fije las medidas a seguir para consolidar la bicicleta como forma de transporte preferente, apostando por la intermodalidad con el transporte público y la integración con proyectos como Vigo Vertical. Se necesitan más vías ciclistas de uso exclusivo en las principales arterias y más carriles bici. De igual manera, la bicicleta se debe tener en cuenta en las futuras humanizaciones, pues hasta ahora no se ha hecho.
- Campañas de **promoción de la bicicleta y educación vial** que prioricen los modos no motorizados, así como medidas de pacificación del tráfico. Estamos viendo como el primer carril bici que se crea en la ciudad no es respetado como debería.
- **Transporte público de alta capacidad.** Vigo es la única gran ciudad (junto con Valladolid y Córdoba) sin un sistema de transporte público masivo: ni metro, tranvía, cercanías o BRT. Es necesario **potenciar la red de autobús para que sea competitiva frente al coche.**
- **Enfoque metropolitano del sistema de transporte.** Como polo atractor de viajes Vigo no puede seguir dando la espalda a las poblaciones de su entorno. Es necesario un enfoque global para los desplazamientos periurbanos, con medidas que disuadan al tráfico en el centro.
- **Mejora del transporte urbano (número de frecuencias y líneas) que se comunica con las parroquias viguesas.** La gente que reside en ellas emplea mayoritariamente el automóvil para desplazarse porque el Vitrasa no es una opción de calidad.

- **Apostar por un modelo de ciudad de 15 minutos.** Urge dotar a los barrios de servicios públicos esenciales: centros de salud, centros sociales, centros de día, escuelas públicas, establecimientos locales (comercio, mercado), zonas verdes, espacios culturales... Ciudades como París están replanteando ya su modelo de movilidad y urbanístico, con ejemplos como las supermanzanas, para conseguir que todos los servicios básicos estén a menos de 15 minutos de casa moviéndose a pie o en bicicleta y otros transportes no motorizados. Un ejemplo podría ser el Casco Vello, en el que además se debe evitar el proceso de gentrificación que ha comenzado.
- **Reconsideración del proyecto del túnel de la Porta do Sol** buscando otras alternativas. Aceptando y celebrando la decisión de peatonalizar el centro urbano, el soterramiento del tráfico pretende incentivar el uso del coche y responde a un modelo de ciudad desfasado, que pone en peligro además bienes patrimoniales y aísla calles aledañas. No es un cambio sostenible real del uso de la calle, que debería tender a contar con zonas de bajas emisiones como hacen otras ciudades europeas.
- Vigo debe considerar **prioritaria y estratégica la tan demandada salida Sur por ferrocarril** y, con ella, el impulso de servicios de cercanías –también hacia el norte– de los que carece, antes que una variante de Cercedo que se puede resolver con más y mejores servicios ferroviarios, que es en lo que debería centrarse la ciudad. Con lo primero se ganaría muchísimo en movilidad sostenible, con lo segundo sólo un tiempo poco significativo hacia la Meseta.